**Primeira:** Dos estados de Gastos e destas Bases, procurarán ter copia os servizos e unidades administrativas, para o seu coñecemento e cumprimento. A Intervención facilitará o cumprimento desta obriga polos medios técnicos que estime oportunos.



**Segunda:** Os Orzamentos, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos a día 1 de xaneiro do 2016 (art. 21-6 do RD 500/90). As presentes Bases de execución aplicaranse en todos os supostos de execución do orzamento do exercicio corrente e dos pechados, aínda que se refiran a supostos de feito nados con anterioridade.

**Terceira:** Os entes dependentes poderán establecer protocolos ou criterios relativos á súa regulación económico-financeira, que complementarán o disposto nestas Bases.



**ANEXO**

Acordos da Xunta de Voceiros do 27 de xuño de 2016

**ACORDO DOS VOCEIROS DO PRESIDENTEN DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR E DO DEPUTADO NON ADSCRITO NA DEPUTACIÓN DE LUGO RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2016.**

No Pazo Provincial de Lugo, o día 27 de xuño de 2016, previa convocatoria do Presidente da Corporación, os voceiros do Grupo Provincial Socialista e do Partido Popular, así como o Deputado Provincial non Adscrito, expoñen:

O Orzamento Xeral da Deputación de Lugo é un instrumento necesario para o desenvolvemento das competencias e actividades da Institución, sendo importante a aprobación definitiva do mesmo para a plena disposición dos créditos dispoñibles.

O Presidente da Corporación Provincial someteu a deliberación do Pleno a aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2016, sendo aprobada. Despois do periodo de exposición ao público e alegacións, en sesión plenaria a proposta de Orzamentos non resulta aprobada definitivamente. O que representa que a día de hoxe o Orzamento da Deputación de Lugo estea prorrogado en base ao de 2015 e ás disposicións legais vixentes.

Sendo intención do Presidente da Deputación Provincial de Lugo acadar o consenso necesario para poder aprobar de xeito definitivo un Orzamento que permita executar o maior número de recursos posibles dispoñibles en beneficio de tódolos cidadáns da Provincia de Lugo, convócanse e celébranse varias reunións entre o Presidente e representantes das diferentes formacións políticas representadas na Corporación Provincial, incluído o Deputado non Adscrito.

Do transcurso das diferentes reunións dedúcese o interese de tódalas partes asinantes en acadar un consenso en materia orzamentaria que deberá facerse efectivo recollendo os seguintes acordos.

**1. SOBRE O PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS).**

- a. O Presidente da Deputación Provincial de Lugo, D. Darío Campos, asume o compromiso de consignar e executar, de ser aprobados e salvo impedimento técnico ou legal, nos orzamentos de 2016, 2017, 2018 e 2019, como mínimo a mesma cantidade reflectida nas partidas 4531.65000, 1531.65000 e 4531.619 de 5.710.365,96 € para o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) respectando os criterios de reparto xa aprobados en sesión plenaria celebrada este ano 2016.

- b. Os asinantes comprométense, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendadas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificar as citadas partidas no aspecto económico.
- c. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.

2. SOBRE O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

- a. O Presidente da Deputación Provincial de Lugo, D. Darío Campos, asume o compromiso de consignar e executar, salvo impedimento técnico ou legal, nos orzamentos de 2016, 2017, 2018 e 2019, como mínimo a cantidade de 1.500.000 € para o SAF, aplicándose como baremos para o cálculo do reparto os mesmos que para o POS e substituíndo a variable de esforzo fiscal por envellecemento da poboación.
- b. Na distribución dos fondos adicados ao SAF recollerase un importe de axuda mínimo por Concello que será calculado tomando como base a mesma porcentaxe do crédito total empregado que no POS e dividindo a cantidade resultante entre o número de Concellos beneficiarios.
  - i. Exemplo: Se para o POS se adica un 55% a compoñente fixo, no caso do SAF sería un importe de 825.000,00 € a adicar a componente fixo, dividíndoo entre 66 Concellos beneficiarios resultaría unha aportación mínima por Concello de 12.500,00 €.
- c. En caso de que nunha anualidade sexa necesaria a prórroga do orzamento do exercicio anterior o Presidente da Deputación, salvo impedimento técnico ou legal, prorrogará para este fin a cantidade íntegra acordada, por importe de 1.500.000 €.
- d. Os asinantes comprométense, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendadas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificar as partidas orzamentarias adicadas a tal fin.
- e. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.




3. SOBRE O INVESTIMENTO EN POLÍTICAS DE EMPREGO.

- a. O Presidente da Deputación Provincial de Lugo, D. Darío Campos, asume o compromiso de consignar e executar, de ser aprobados e salvo impedimento técnico ou legal, nos orzamentos de 2016, 2017, 2018 e 2019, como mínimo a cantidade de 3.000.000 €, na partida 2410.462


minorando o importe da partida 2410.65009, para a execución dun programa de axudas destinadas aos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes para a contratación de novos traballadores, aplicándose como baremos para o cálculo do reparto os mesmos que para o POS e substituíndo a variable de esforzo fiscal polo de taxa de desemprego do Concello beneficiario.

- b. Na distribución dos fondos adicados a este programa de axudas recollerase un importe de aportación mínima por Concello que será calculada tomando como base a mesma porcentaxe do crédito total empregado que no POS e dividindo a cantidade resultante entre o número de Concellos beneficiarios.
  - i. Exemplo: Se para o POS se adica un 55% a compoñente fixo, no caso do programa de axudas para a contratación de novos traballadores destinadas aos Concellos sería un importe de 1.650.000,00 € a adicar a compoñente fixo, dividíndoo entre 66 Concellos beneficiarios resultaría unha aportación mínima por Concello de 25.000,00 €.
- c. En caso de que nunha anualidade sexa necesaria a prórroga do orzamento do exercicio anterior o Presidente da Deputación, salvo impedimento técnico ou legal, prorrogará para este fin a cantidade íntegra acordada, por importe de 3.000.000 €.
- d. A selección e contratación dos traballadores financiada con cargo a esta liña de axudas será levada a cabo directamente polos Concellos beneficiarios.
- e. En caso de que, por razóns sobrevidas non fose posible a execución da finalidade desta disposición de crédito, a Deputación adicará dita contía íntegra ao incremento da dotación orzamentaria prevista para o POS.
- f. Os asinantes comprométense, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificar as partidas orzamentarias adicadas a tal fin.
- g. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.
- h. As iniciativas que o Goberno da Deputación Provincial de Lugo pretenda executar ao marxe da recollida en este punto con cargo á partida orzamentaria 2410.65009 e da modalidade pola que queiran desenvolverse, non se verán condicionadas a ningún dos principios recollidos nos diferentes puntos de este acordo, quedando a criterio do Goberno da Deputación Provincial o concernente ás mesmas.



4. PLANS DE COOPERACIÓN COAS COMUNIDADES VECIÑAIS PROMOVIDAS DENDE A ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS.

- 
- 
- 
- a. O relativo aos plans de cooperación coas comunidades veciñais promovidas dende a Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos queda recollido neste punto do presente acordo non séndolle de aplicación o recollido nos restantes.
  - b. En relación ao plan de Cooperación con Entidades Veciñais acórdase que a cantidade a consignar nos Orzamentos da Deputación de Lugo para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019 e a executar, de ser aprobados e salvo impedimento legal ou técnico, será de 1.500.000 €.
  - c. As bases de convocatoria das axudas en cuestión recollerán que o solicitantes e beneficiarios das mesmas poderán ser de tódolos Concellos da Provincia de Lugo.
  - d. Os plans ou programas a desenvolver no marco destas axudas serán referidos a subvencionar actuacións en redes de abastecemento de auga, camiños e vías de comunicación en xeral, centros sociais e entorno ou espazos de uso público comunitario.
  - e. As bases que regulen estas liñas de axudas deberán recoller como baremos para a súa valoración criterios estrictamente obxectivos.
  - f. Os asinantes comprométese, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendadas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificar as partidas destinadas a tal fin.
  - g. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.

5. SOBRE A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

- 
- a. As bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo recollerán, a proposta do Presidente, como competencia plenaria o outorgamento das subvencións nominativas, ben estando recollidas estas no proxecto de orzamentos, ben en acordo de sesión plenaria específico para a aprobación de tal asunto.

6. SOBRE AS SUBVENCIONS EXCEPCIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

- 
- 
- a. O Órgano competente para a proposta e outorgamento de subvencións excepcionais na Deputación Provincial de Lugo será a Presidencia, salvo disposición legal ou técnica diferente.
  - b. Acórdase polos asinantes unha cuantía máxima individual para a concesión de subvencións excepcionais propostas e outorgadas pola

Presidencia da Deputación Provincial de Lugo que se establece en 40.000,00 € de axuda (sen prexuízo de que o investimento ou actividade a desenvolver ao abeiro da axuda concreta poida supoñer un importe maior e sempre que a achega da institución provincial non exceda do importe sinalado).

- c. As Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial recollerán os preceptos sinalados neste apartado.

## 7. SOBRE AS SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

- a. O Órgano Competente para a proposta das bases que rexan a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva será a Presidencia da Deputación Provincial de Lugo.
- b. O Órgano Competente para a aprobación das bases e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva será a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo.
- c. O Órgano Competente para a resolución das axudas en concorrencia competitiva da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno.
- d. As bases de execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo preverán, de xeito inequívoco, os seguintes parámetros relativos ao procedemento de aprobación da convocatoria de axudas en concorrencia competitiva:

1. Para cada programa, plan ou liña de axudas en concorrencia competitiva que se pretenda impulsar constituirase unha comisión política previa que estará composta polo Presidente da Deputación Provincial, un representante de cada un dos Grupos Políticos representados na Corporación Provincial e polos Deputados Provinciais non adscritos, de existir algún membro da corporación en tal situación.
2. Será potestade do Presidente da Deputación Provincial no seo desas comisión: a súa convocatoria e desconvocatoria ou apazamento se o considerase necesario, presidir as reunións, elevar propostas de dictame e dirixir o desenrolo das mesmas.
3. O Presidente poderá delegar a Presidencia das reunións das comisións, a tódolos efectos, en calquera outro membro da Corporación.
4. Os membros da comisión, a designar por cada un dos Grupos Políticos, incluído o Presidente terán voz e voto na mesma, excepto o membro pertencente ao mesmo Grupo Provincial que o do Presidente que só terá voz.
5. A efectos da votación cada membro da comisión oportuna con dereito a voto votará ponderadamente, é dicir, o



representante dun Grupo Político Provincial votará en representación de cada un dos membros do seu grupo político. Os Deputados Provinciais non adscritos votarán por sí mesmos representando un único voto cada un deles e o Presidente da Deputación de Lugo votará ponderadamente representando a cada un dos membros do Grupo Político ao que pertence.

A modo de exemplo nas circunstancias actuais:

A ponderación sería feita sobre un valor absoluto de 25.

O Presidente da Deputación Provincial, ou en quen delegue, representaría co seu voto 10 dos 25 computables (os do Grupo Provincial Socialista ao que pertence).

O representante do Grupo Provincial do BNG representaría co seu voto 2 dos 25 computables.

O representante do Grupo Provincial Popular representaría co seu voto 12 dos 25 computables.

O Deputado Provincial non adscrito representaría 1 voto dos 25 computables.

6. A comisión reunirse previa convocatoria da mesma por parte do Presidente da Deputación Provincial de Lugo e entenderase formalmente constituída cando concurren á mesma, alo menos, dous terzos dos membros con dereito a voto, a excepción de que algún deles teña manifestado con anterioridade a súa vontade de non participar na mesma.
7. A comisión é competente para dictaminar a proposta de bases que faga á mesma o Presidente da Deputación Provincial de Lugo.
8. Os membros da comisión poderán achegar propostas de modificación das bases propostas polo Presidente, que serán estudadas e debatidas no seo da comisión. De non haber acordo unánime sobre a proposta do Presidente ou ben sobre as modificación plantexadas o dictame da comisión será desfavorable, o que conlevará que non se continúe co procedemento de convocatoria da liña de axudas en cuestión. Unha vez obtido dictame non favorable é obriga do Presidente convocar unha nova

comisión para abordar a convocatoria que terá que someterse aos principios recollidos neste apartado.

9. Se celebradas 3 reunións da comisión non se acadase acordo unánime dos membros da mesma e, polo tanto, non contase a proposta do Presidente co dictame favorable da comisión, nesta terceira reunión, será prescindible o principio de unanimidade considerándose favorable o dictame aprobado co voto a favor dos membros da corporación que representen a maioría simple dos membros da Corporación Provincial.

10. De celebrarse tres reunións da comisión oportuna e non obtense nas mesmas o dictame favorable á proposta do Presidente, nas subvencións en concurrencia competitiva relativas ás Áreas de Cultura e de Deporte, o Presidente da Deputación Provincial de Lugo poderá sometelas á súa aprobación pola Xunta de Goberno en base á última convocatoria realizada, sen necesidade de contar co dictame favorable sempre e cando a proposta non incorpore modificacións, agás esixencia técnica ou legal, respecto das bases aprobadas no último exercicio que se aprobouse a mesma liña de axudas.



11. Para que as bases da convocatoria dunha liña de subvencións en concurrencia competitiva poida ser sometida á súa aprobación polo Órgano Competente o expediente que conforma o asunto deberá contar co dictame favorable da comisión así como coa fiscalización do cumprimento de tal precepto, de acordo ao recollido nos apartados anteriores e agás os supostos nos que non sexa necesario contemplados neste acordo.

e. Para evitar neste exercicio e nos restantes da lexislatura a paralización da aprobación e concesión destas axudas os asinantes comprométense a que estes principios serán recollidos nas propostas de orzamento dos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019. Así mesmos, en caso de prórroga do orzamento do exercicio anterior nunha anualidade, o Presidente da Deputación de Lugo, salvo impedimento legal ou técnico, prorrogará as partidas orzamentarias adicadas a este fin.




f. Os asinantes comprométense, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificala no relativo ás bases de execución.

g. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.

## 8. SOBRE AS MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

- 
- 
- a. Asímesse polos asinantes que será competencia do Presidente da Deputación Provincial de Lugo a aprobación de modificacións de crédito por xeración de crédito, transferencias de crédito e incorporación de remanentes sempre que a modificación por transferencia individual non exceda da cantidade de 150.000,00 €, ata unha contía máxima de 2.000.000,00 € de modificacións de crédito durante o exercicio aprobadas polo Presidente da Deputación.
  - b. Nos restantes supostos, a proposta do Presidente, corresponderá ao Pleno da Corporación Provincial, exceptuando as modificacións de crédito necesarias para a financiación de actuacións con criterios de distribución obxetivos e respetando o contemplado neste acordo en materia de subvencións.
  - c. O acordado en este punto será recollido así mesmo nas bases de execución do Orzamento da Deputación Provincial.
  - d. Os asinantes comprométense, así mesmo, a que os grupos políticos que representan e no caso do Deputado Provincial non adscrito el mesmo, a respetar esta proposta e non formular enmendadas nin reclamacións ás propostas de orzamento que a recollan que pretendan modificala nas bases de execución.
  - e. Esta proposta poderá ser modificada, a proposta do Presidente, previa unanimidade dos membros da corporación ou, no seu defecto, maioría que garanta a maioría dos membros da corporación.

## 9. SOBRE CONVENIOS DE COLABORACIÓN APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO EXERCICIO 2015.

- 
- 
- 
- a. O Presidente da Deputación asume o compromiso de respetar o disposto nos convenios aprobados e asinados no exercicio 2015 e 2016.
  - b. O Presidente da Deputación de Lugo asume a obriga de pago inmediato, salvo impedimento técnico ou legal, dos convenios de colaboración asinados entre a Deputación Provincial de Lugo e Concellos da Provincia de Lugo durante o exercicio 2015 e relativos a actuacións a desenvolver no exercicio 2015 e 2016.
  - c. A obriga farase efectiva previo cumprimento do relativo á xustificación do gasto por parte dos Concellos beneficiarios nos termos establecidos nos convenios reguladores asinados.
  - d. Os asinantes deste acordo comprométense así mesmo a non prestar oposición a este pagamento sempre que cumpra con tódolos preceptos legais e técnicos oportunos.

## 10. SOBRE O PROXECTO DE INFRAESTRUTURA PARA A TERCEIRA IDADE NA COMARCA DA MONTAÑA.

a. Os asinantes comprométese a recoller nos orzamentos dos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019 as partidas orzamentarias que permitan desenvolver esta infraestrutura de carácter comarcal no Concello de Becerreá en base aos seguintes preceptos:

1. No ano 2016 consignarase unha cantidade máxima de 500.000 € para tal fin, na partida 2315.749.
2. O investimento financiarase nun mínimo de 4 anualidades, 2016, 2017, 2018 e 2019, podendo extenderse a máis a proposta do Concello de Becerreá ou por causas sobrevidas alleas ás dúas partes.
3. No resto de anualidades, 2017, 2018 e 2019 a dotación orzamentaria máxima por anualidade a contemplar no Orzamento da Deputación Provincial será de 2.000.000,00 €.
4. A fórmula de financiación acordarase entre o Concello de Becerreá e a Deputación Provincial de Lugo sempre que recolla os preceptos anteriores e recolla unha achega económica para o desenvolvemento da mesma por parte do Concello de Becerreá de, cando menos, 300.000,00 €.

## 11. SOBRE A POSTA EN MARCHA DE UN PLAN DE DISPOSICIÓN A CONCELLOS DE MARQUESIÑAS.

Os asinantes recoñecen a demanda existente para dar cobertura ás necesidades de marquesiñas nos diferentes Concellos da Provincia e por elo, asumen o compromiso da posta en marcha dun programa que poña a disposición dos Concellos da Provincia de Lugo este equipamento, con criterios obxetivos de reparto e un mínimo de 2 marquesiñas por Concello.

## 12. SOBRE OS REMANENTES QUE SE XEREN NA APLICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

- a. Os remanentes que se xeren na execución das materias orzamentarias recollidas en este acordo e estea ao remate do exercicio comprometido o gasto dos mesmos incorporaranse, a proposta do Presidente da Deputación Provincial de Lugo e dentro das limitacións legais pertinentes, para o mesmo fin en canto regulamentariamente sexa posible.
- b. Os remanentes que se xeren na execución das materias orzamentarias recollidas en este acordo e non estea ao remate do exercicio comprometido o gasto dos mesmos, e que o Goberno da Deputación

Provincial pretenda adicalos a fins distintos dos recollidos no Orzamento Xeral será o Pleno, a proposta do Presidente da Deputación, o órgano competente para aprobar a súa incorporación. A tal efecto convocarase unha comisión política previa que se regulará polo disposto no punto 7, apartado D, subapartados 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 deste acordo. Será preceptivo, e así o recollerán as bases de execución do orzamento, dictame favorable da comisión política creada a tal efecto para elevar a aprobación na sesión plenaria a proposta de incorporación destes remanentes.

- c. Para os remanentes que se xeren na execución das materias orzamentarias non recollidas en este acordo a incorporación dos mesmos poderá ser destinada para os fins que considere, a proposta do Presidente da Deputación Provincial de Lugo e dentro das limitacións legais pertinentes, o Goberno da Deputación Provincial de Lugo.

### 13. SOBRE OS ASPECTOS ORZAMENTARIOS NON REGULADOS NOUTROS PUNTOS DESTE ACORDO.

Para o non regulado neste acordo en materia orzamentaria os asinantes asumen que se respetará a autonomía orzamentaria do Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

### 14. SOBRE A COMUNICACIÓN DO ACORDO.


- a. Os asinantes do presente acordan que a comunicación do mesmo se fará de xeito conxunto en comparecencia pública que se convocará a tal efecto.
- b. A comparecencia pública será realizada polo Presidente da Deputación Provincial de Lugo, a Voceira do Grupo Provincial Popular eo Deputado Provincial non adscrito, sendo esta a orde de intervencións dos mesmos e pechando a comparecencia o Presidente da Deputación Provincial de Lugo.
- c. A comparecencia pública para comunicar o acordo realizarase con carácter posterior á celebración da sesión plenaria quedando obrigados tódolos asinantes e os membros dos grupos políticos aos que pertencen a non desvelar con anterioridade á sesión plenaria o contido, total ou parcialmente, do acordo. A convocatoria da mesma correrá por cargo do Servizo de Comunicación da Deputación Provincial sendo convocados tódolos medios de comunicación.


### 15. SOBRE O CONTROL DO CUMPRIMENTO DO PRESENTE ACORDO.

- a. Para velar polo cumprimento do presente acordo queda constituída unha comisión integrada polo asinantes do mesmo.
- b. En caso de discrepancia sobre o cumprimento ou non dos principios recollidos no presente acordo o Presidente solicitará dos Servizos Xurídicos da Deputación Provincial, Secretaría Xeral e/ou Intervención, valoración sobre os aspectos sobre os que exista discrepancia.
- c. Dado que por parte do Presidente da Deputación Provincial de Lugo se estivo tratando de recabar a unanimidade dos membros da Corporación Provincial ata a celebración da Comisión Informativa previa á Sesión Plenaria e visto que non todos os grupos prestaron a súa conformidade ao mesmo, os asinantes acordan que este acordo pode ser modificado por consenso dos asinantes sempre e cando as modificacións sexan aclaratorias do contido do mesmo non podendo introducir novos aspectos regulatorios.

Como mostra de conformidade con todo o anteriormente exposto asinan o presente documento en tódalas páxinas, do que se entregará copia a cada un dos asinantes e será custodiado o documento orixinal na Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo.


En Lugo a 27 de xuño de 2016.


  
D. Darío Campos Conde  
Presidente da Deputación Provincial de Lugo



D. Álvaro Santos Ramos  
Voceiro do G.P. Socialista



  
Dna. Elena Candía López  
Voceira do G.P. Popular

  
D. Manuel Martínez Núñez  
Deputado Provincial Non Adscrito









DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2016

## 6. Relación de subvenciones nominativas



# ORZAMENTOS 2016

## SUBVENCIONES NOMINATIVAS

**Proposta:** De acordo co artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das entidades locais.

Con ese fin, propóñense as subvencións nominativas que, no seu caso, serán desenvolvidas a través dos oportunos convenios. Na descripcións das mesmas se establece o concepto ao que serán destinadas:

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	TOTAL
ALIAD	Programa Donas	8.000,00 €	2311.48900	<b>8.000,00 €</b>
CONCEPCIÓN ARENAL	Xornadas penitenciarias	5.000,00 €	2312.48900	
PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN XITANA	Rehabilitación vivendas	10.000,00 €	2312.48900	
PROXECTO HOME	Programa terapia familiar	5.000,00 €	2312.48900	
SECRETARIADO XITANO	Programa Promociona	10.000,00 €	2312.48900	<b>30.000,00 €</b>
AGADHEMO	Atención, información e formación para persoas con coagulopatías conxénitas	6.000,00 €	2314.48900	
ADACE (dano cerebral)	Centro de día par afectados/as de dano cerebral	12.000,00 €	2314.48900	
ALCER LUGO	Transporte de hemodíalise	5.000,00 €	2314.48900	
ALIAD	Programa preparados, listos, xa	13.000,00 €	2314.48900	
ALUCEM	Servizo administrativo	10.200,00 €	2314.48900	
ALUMÉ (axuda enf. mentais)	Obradoiro de formación prelaboral	11.000,00 €	2314.48900	
ALZHEIMER CHANTADA	Atención asistencial a persoas enfermas e aos seus familiares	10.000,00 €	2314.48900	
ALZHEIMER LUGO (AFALU)	Estimulación cognitiva de enfermos de alzheimer e outras demencias	13.000,00 €	2314.48900	
ALZHEIMER VIVEIRO	Estimulación e mantemento cognitivo para persoas con alzheimer	6.000,00 €	2314.48900	
ALZHEIMER MONFORTE	Estimulación cognitiva psicomotriz para persoas con alzheimer	10.000,00 €	2314.48900	
APNED	Servizo ambulatorio	13.000,00 €	2314.48900	
ANPA COLEXIO ED. ESP. SANTA MARÍA	Ocioteca de verán para nenos e nenas con discapacidade	10.000,00 €	2314.48900	
ASOC. DISCAP. PONTE DOS SANTOS	Axuda ao transporte de nenos/as	12.000,00 €	2314.48900	
ASORLU	Contratación de interprete	18.000,00 €	2314.48900	
ASPACE	Programa de estimulación extrasensorial	12.000,00 €	2314.48900	
ASPNAIS	Programa de intervención psicolóxica en persoas con discapacidade intelectual	5.000,00 €	2314.48900	
AUXILIA LUGO	Promoción da autonomía persoal no domicilio	8.000,00 €	2314.48900	
AUXILIA MONFORTE	Atención psicosocial e promoción da autonomía persoal	5.000,00 €	2314.48900	
COGAMI LUGO	Taller prelaboral para persoas discapacitadas	22.000,00 €	2314.48900	
COGAMI MARIÑA	Rehabilitación física e emocional para persoas con discapacidade	7.000,00 €	2314.48900	
FEDERACIÓN GALEGA "COGAMI"	Contratación traballadora social proxecto dinamización asociativa	5.000,00 €	2314.48900	
FADEMGA	Servizo de orientación laboral	2.500,00 €	2314.48900	
FEAFES	Programa de intermediación laboral	16.000,00 €	2314.48900	
LEDICIA CATIVA	Programa de acollida dirixido a nenos rusos afectados pola radioactividade	2.000,00 €	2314.48900	
MENIÑOS	Programa Convivimos	8.500,00 €	2314.48900	
RAIOLAS	Atención ambulatoria	21.000,00 €	2314.48900	
SÍNDROME DOWN	Programa de promoción da autonomía persoal e social en vivendas comunitarias	12.000,00 €	2314.48900	
SOLID. GALEGA CO POBO SAHARAUI	Programa Vacacións en Paz	8.000,00 €	2314.48900	
SPECIAL OLYMPICS	Promoción das persoas con discapacidade	8.000,00 €	2314.48900	<b>291.200,00 €</b>
CONCELLO DE VILALBA	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	15.000,00 €	3240.462	
CONCELLO DE MONFORTE	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	15.000,00 €	3240.462	
CONCELLO DE VIVEIRO	APORTACIÓN CONSERVATORIOS	15.000,00 €	3240.462	<b>45.000,00 €</b>
E.U. RELACIONES LABORAIS LUGO	MASTER PAULO FABIO	12.000,00 €	3261.48910	<b>12.000,00 €</b>
CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN	CELEBRACIÓN DA FESTA DO OSO DE SALCEDO	4.000,00 €	3340.462	
CONCELLO DE MONDOÑEDO	PREMIO DE POESÍA LEIRAS PULPEIRO	2.700,00 €	3340.462	<b>6.700,00 €</b>
ASOC. CORRELINGUA	Gastos de xestión e actividade	10.000,00 €	3340.48900	
ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA AS FACHAS DE TABOADA	Celebración da Festa das Fachas	4.000,00 €	3340.48900	
ASOC. CULTURAL O TEIXEIRO	Celebración Encontro de pandeirás	4.000,00 €	3340.48900	
ADEGA	Gastos de xestión e actividade	10.000,00 €	3340.48900	
ASOC. AMIGOS DO ANTROIDO RIBEIRAO	Celebración do Antroido	4.000,00 €	3340.48900	
ASOC. DE GAITEIR@S GALEG@S	Gastos de xestión e funcionamento da Tradescola e actividades	70.000,00 €	3340.48900	
AAVV SAN MARTIÑO DE VILELOS	Celebración Festa das Fachas	4.000,00 €	3340.48900	
ASOC. SOUTO DO VAL	Festa do Meco e a Pampóniga	4.000,00 €	3340.48900	
ASOC. XUV. E CULTURAL OS TURULECAS DO INCIO	Danzas da Cervela	4.000,00 €	3340.48900	
EDUCANDO EN FAMILIA	Gastos de funcionamento e xestión	15.000,00 €	3340.48900	

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	TOTAL
FUNDACIÓN ANTONIO GANDROY	Gastos de funcionamento e actividades	15.000,00 €	3340.48900	
FUND. MANUEL MARÍA	Gastos de xestión e funcionamento	50.000,00 €	3340.48900	
PREMIO OTERO PEDRAYO	Premio Otero Pedrayo	2.000,00 €	3340.48900	
USC	Lugo Cultural	20.000,00 €	3340.48900	
USC	Proxecto Estalmat	3.000,00 €	3340.48900	
FAPACEL	Proxecto "Coa educación por diante"	10.000,00 €	3340.48900	
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	Feiras do libro da provincia de Lugo	4.000,00 €	3340.48900	
SOCIEDADE MUSICAL RABADENSE MUSICO				
CRISANTO	Gastos de Xestión e actividade	18.000,00 €	3340.48900	
CONSORCIO CENTRO ASOCIADO DA UNED	Comunicación e cultura dixital	25.000,00 €	3340.48900	
ASOCIACIÓN PROXECTO BENITO LOSADA	III Premio Galicia de Fotografía Contemporánea	4.000,00 €	3340.48900	<b>280.000,00 €</b>
CLUB ESTUDIANTES	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	45.000,00 €	3410.48900	
E. D. LOURENZA BALONCESTO FEMENINO	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	10.000,00 €	3410.48900	
FUNDACIÓN AZKAR	SUBVENCIÓN PROMOCIÓN FÚTBOL SALA NA PROVINCIA	35.000,00 €	3410.48900	
FUNDACIÓN INDECUM	SUBVENCIÓN PROMOCIÓN FÚTBOL SALA NA PROVINCIA	20.000,00 €	3410.48900	
MURALLA RUGBI CLUB	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	5.000,00 €	3410.48900	
ESCUDEIRA CHANTADA	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN SUBIDA A CHANTADA	7.000,00 €	3410.48900	
ESCUDEIRA MIÑO	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN RALLIE SAN FROILAN	28.000,00 €	3410.48900	
ESCUDEIRA COMARCA DA ULLOA	SUBVENCIÓN RALLIE DA ULLOA	24.000,00 €	3410.48900	
CLUB BALONCESTO CHANTADA	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	15.000,00 €	3410.48900	
CLUB TRIATLÓN CIDADE DE LUGO	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	15.000,00 €	3410.48900	
CLUB BOLOS O CADAVAL	ORGANIZACIÓN LIGA BOLOS PROVINCIAL	5.000,00 €	3410.48900	
ESCOLA LUGUESA DE XADREZ	GASTOS DE TEMPADA	6.000,00 €	3410.48900	
ASOCIACIÓN DEPORTIVA TRIPENTA TERRAS DE LUGO	GASTOS DE TEMPADA	10.000,00 €	3410.48900	
RIBADEO F. C.	GASTOS 3ª DIVISIÓN	18.000,00 €	3410.48900	
RACING CLUB VILALBÉS	GASTOS TEMPADA 3ª DIVISION MÁIS CATEGORIAS BASE	28.000,00 €	3410.48900	
CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO	VOLTA CICLISTA ÁS COMARCAS	65.000,00 €	3410.48900	
FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA	GASTOS DE ACTIVIDADE NA PROVINCIA DE LUGO	7.000,00 €	3410.48900	
CLUB ATLETISMO LUCUS	GASTOS TEMPADA FEMENINO	7.000,00 €	3410.48900	
CLUB KAYAK FOZ	TRAVESÍA DA RÍA DE FOZ	7.000,00 €	3410.48900	
CLUB FLUVIAL DE LUGO	GASTOS DE TEMPADA	14.000,00 €	3410.48900	
CLUB CALASANCIO	GASTOS DE TEMPADA	8.000,00 €	3410.48900	
CLUB BASANTA MOTORSPORT	CURSOS DE CONDUCCIÓN SEGURA	14.000,00 €	3410.48900	
C. N. PORTAMIÑA	GASTOS DE TEMPADA	10.000,00 €	3410.48900	
CLUB BALONCESTO BURELA	GASTOS DE TEMPADA	6.000,00 €	3410.48900	<b>409.000,00 €</b>
Concello de A Fonsagrada	Festa do butelo	3.000,00 €	4190.462	
Concello de As Nogais	Festa da empanada	3.000,00 €	4190.462	
Concello de A Pontenova	Festa da troita	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Becerreá	Festa do mexilón	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Castroverde	Feira da artesanía e gastronomía	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Chantada	Festa da empanada	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Foz	Festa do berberecho	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Friol	Festa do queixo e pan de Ousá	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Guitiriz	Festa dos callos de Parga	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Láncara	Festa da tenreira galega	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Lourenzá	Festa da faba	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Meira	Festa da malla	2.000,00 €	4190.462	
Concello organizador (Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rei)	Festa do queixo da Ulloa	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Muras	Feira do mel de montaña	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Navia de Suarna	Festa da androlla	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Nequeira de Muñiz	Festa do viño	3.000,00 €	4190.462	
Concello de O Valadouro	Festa da castaña	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Outeiro de Rei	Feira da artesanía	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Pastoriza	Festa da bola de liscos e das freces	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Pedrafita do Cebreiro	Feira da DOP Cebreiro e produtos artesanais	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Pol	Festa do emigrante	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Portomarín	Festa da augardente	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Quiroga	Mostra do aceite	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Ribas de Sil	Festa da Cereixa	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Riotorto	Festa da artesanía e ferro	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Sarria	Festa exaltación de produtos porco celta	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Sober	Festa do viño de Amandí	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Taboada	Festa do caldo de ósos	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Viveiro	Festa da merluza	3.000,00 €	4190.462	
Concello de Xermade	Festa dos cogomelos de roupar	3.000,00 €	4190.462	<b>89.000,00 €</b>
Asoc. Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta	Festa da filloa	3.000,00 €	4190.48900	
Asociación cultura Fonte do Milagro	Festa da pisa da castaña	2.000,00 €	4190.48900	<b>5.000,00 €</b>
Concello de Mondoñedo	Posta en valor das Covas do Rei Cintolo	20.000,00 €	4320.462	
Concello de Monforte	Festa medieval	30.000,00 €	4320.462	<b>50.000,00 €</b>
Consortio turístico Ribeira Sacra	Gastos correntes de funcionamento	25.000,00 €	4320.467	<b>25.000,00 €</b>
Asociación de empresarios de hotelería de Lugo	Promoción turística e gastronómica de Lugo	45.000,00 €	4320.48900	
Monasterio de Samos	Contratación dun/ha guía turístico/a para Abadía San Xiao	5.000,00 €	4320.48900	<b>50.000,00 €</b>
Real Academia Galega de Ciencias	Subvención actividades	4.000,00 €	4630.48900	
Universidade Santiago de Compostela	Subvención actividades	50.000,00 €	4630.48900	<b>54.000,00 €</b>

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN	
			ORZAMENTARIA	TOTAL
REAL AERoclUB DE LUGO	CRITERIUM AERONAUTICO	10.000,00 €	9250.48900	
FEDERACIÓN AA.VV. LUGO	DIA DO VECIÑO	15.000,00 €	9250.48900	
AVIFAUNA	ACTIVIDADES	20.000,00 €	9250.48900	
COLEXIO OFICIAL SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMÓN. LOCAL DA PROVINCIA DE LUGO	GASTOS MANTEMENTO	10.000,00 €	9250.48900	<b>55.000,00 €</b>
CONCELLO DE SARRIA	XORNADAS XURÍDICAS	6.000,00 €	9430.462	<b>6.000,00 €</b>





DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2016

# 7. Liquidacións Orzamentos





Liquidación Orzamento 2014

INGRESOS

CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Reconocidos	DR Anulados	DR Cancelados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Derechos Pendientes de cobro	EXCESO /DEFECTO PREVISION
1 IMPUESTOS DIRECTOS	5.076.617,72 €	0,00 €	5.076.617,72 €	5.071.777,93 €	15.510,92 €	0,00 €	5.056.267,01 €	99,60%	4.648.396,69 €	91,93%	407.870,32 €	20.360,71 €
2 IMPUESTOS INDIRECTOS	3.761.697,24 €	0,00 €	3.761.697,24 €	4.441.548,40 €	247.884,24 €	0,00 €	4.193.664,16 €	111,48%	3.864.233,27 €	92,14%	329.430,89 €	-431.966,92 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.503.226,00 €	0,00 €	6.503.226,00 €	6.781.330,65 €	20.347,07 €	0,00 €	6.760.983,58 €	103,96%	6.653.044,61 €	98,40%	107.938,97 €	-237.757,58 €
4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	64.388,067,26 €	2.938.615,47 €	67.324.682,73 €	65.561.236,04 €	2.238.930,40 €	0,00 €	63.322.305,64 €	94,06%	58.112.210,87 €	91,77%	5.210.094,77 €	4.002.377,09 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	785.000,00 €	0,00 €	785.000,00 €	392.048,36 €	98,83 €	0,00 €	391.949,53 €	49,93%	389.523,49 €	99,38%	2.426,04 €	393.050,47 €
6 ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAS	20.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €	79.742,66 €	0,00 €	0,00 €	79.742,66 €	398,71%	78.981,46 €	99,05%	761,20 €	-59.742,66 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.328.382,85 €	11.372.477,45 €	12.700.860,30 €	4.543.524,13 €	0,00 €	0,00 €	4.543.524,13 €	35,77%	2.008.641,69 €	44,21%	2.534.882,44 €	8.157.336,17 €
8 VARIACION DE ACTIVOS FINANCIEROS	350.875,28 €	43.920.435,55 €	44.171.310,83 €	250.610,28 €	117,00 €	0,00 €	250.493,28 €	0,57%	250.293,28 €	99,92%	200,00 €	43.920.817,55 €
9 VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>82.213.866,35 €</b>	<b>58.129.528,47 €</b>	<b>140.343.394,82 €</b>	<b>87.121.818,45 €</b>	<b>2.522.888,46 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>84.598.929,99 €</b>	<b>60,28%</b>	<b>76.005.325,36 €</b>	<b>89,84%</b>	<b>8.593.604,63 €</b>	<b>55.744.464,83 €</b>

GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Glos. compr. sobre créd. def.	Obrigas Reconocidas Netas	% O. Rec. sobre créd. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendientes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL.	23.365.594,70 €	-193.002,84 €	23.172.591,86 €	19.920.395,87 €	85,97%	19.317.891,01 €	83,37%	19.205.741,46 €	99,42%	112.149,55 €	3.854.700,85 €
II GASTOS EN BENS CORRIENTES	14.042.898,46 €	6.733.387,07 €	20.776.285,53 €	16.871.591,56 €	81,21%	12.372.073,73 €	59,55%	10.743.161,17 €	86,83%	1.628.912,56 €	8.404.211,80 €
III GASTOS FINANCIEROS	337.063,22 €	0,00 €	337.063,22 €	129.275,77 €	38,35%	129.275,77 €	38,35%	116.110,73 €	89,82%	13.165,04 €	207.787,45 €
IV TRANSFERENCIAS CORRIENTES	15.499.592,95 €	14.331.858,42 €	29.831.451,37 €	22.115.084,99 €	74,13%	15.922.225,43 €	53,37%	14.655.785,98 €	92,05%	1.266.439,45 €	13.909.225,94 €
V INVERSIONS REAS	15.456.949,48 €	24.365.126,77 €	39.822.076,25 €	27.061.701,97 €	67,96%	13.709.733,08 €	34,43%	12.788.119,66 €	93,28%	921.613,42 €	26.112.343,17 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.327.647,00 €	10.513.291,19 €	15.840.938,19 €	14.577.935,11 €	92,03%	7.422.400,82 €	46,86%	3.845.087,89 €	51,80%	3.577.312,93 €	8.418.537,37 €
VIII VARIACIONS DE ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €	0,00 €	300.000,00 €	285.484,49 €	95,16%	285.484,49 €	95,16%	285.484,49 €	100,00%	0,00 €	14.515,51 €
IX VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS	7.884.120,54 €	2.378.867,86 €	10.262.988,40 €	10.236.534,15 €	99,74%	10.236.534,15 €	99,74%	9.888.860,87 €	96,60%	347.673,48 €	26.454,25 €
<b>TOTAIS</b>	<b>82.213.866,35 €</b>	<b>58.129.528,47 €</b>	<b>140.343.394,82 €</b>	<b>111.188.003,91 €</b>	<b>79,23%</b>	<b>79.395.618,48 €</b>	<b>56,57%</b>	<b>71.528.352,05 €</b>	<b>90,09%</b>	<b>7.867.266,43 €</b>	<b>60.947.776,34 €</b>

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	Derechos Reconocidos Netos	Obrigas Reconocidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a. Operacións corrientes	79.725.169,92 €	47.741.465,94 €		31.983.703,98 €
b. Outras operacións non financeiras	4.623.266,79 €	21.132.133,90 €		-16.508.867,11 €
1. Total operacións non financeiras (a+b)	84.348.436,71 €	68.873.599,84 €		15.474.836,87 €
2. Activos financeiros	250.493,28 €	285.484,49 €		-34.991,21 €
3. Pasivos financeiros	0,00 €	10.236.534,15 €		-10.236.534,15 €
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO AXUSTES:</b>	<b>84.598.929,99 €</b>	<b>79.395.618,48 €</b>		<b>5.203.311,51 €</b>
4. Cred. g. financ. con rem. Tesourería para glos. xerais			11.338.822,66 €	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			796.478,82 €	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			533.967,41 €	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>				<b>11.601.334,07 €</b>
				<b>16.804.645,58 €</b>



**Liquidación Orzamento 2015 a 30 de xuño**  
(seis primeiros meses)

**INGRESOS**

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	DR Anulados	DR Cancelados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Dereitos Pendentes de cobro	EXCESO/DEFECTO PREVISIÓN
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.340.406,00 €	0,00 €	5.340.406,00 €	1.307.585,50 €	6.921,91 €	0,00 €	1.300.663,59 €	24,36%	1.307.585,50 €	100,53%	0,00 €	4.039.742,41 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	4.680.704,20 €	0,00 €	4.680.704,20 €	1.979.798,30 €	50.845,98 €	0,00 €	1.928.952,32 €	41,21%	1.979.798,30 €	102,64%	0,00 €	2.751.751,88 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.660.199,00 €	35.000,00 €	6.695.199,00 €	5.749.062,80 €	2.405,03 €	0,00 €	5.746.657,77 €	85,63%	5.718.866,00 €	99,52%	30.196,80 €	946.501,23 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	61.947.456,09 €	3.530.403,57 €	65.477.859,66 €	28.047.717,97 €	570.742,70 €	0,00 €	27.476.975,27 €	41,96%	28.005.672,64 €	101,92%	42.045,33 €	38.000.884,39 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	535.000,00 €	0,00 €	535.000,00 €	183.176,15 €	0,00 €	0,00 €	183.176,15 €	34,24%	179.858,92 €	98,19%	3.317,23 €	351.823,85 €
6 ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAS	15.000,00 €	0,00 €	15.000,00 €	10.974,97 €	0,00 €	0,00 €	10.974,97 €	73,17%	10.974,97 €	100,00%	0,00 €	4.025,03 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.369.829,76 €	7.603.733,18 €	8.973.562,94 €	7.192.338,38 €	0,00 €	0,00 €	7.192.338,38 €	80,15%	561.087,93 €	7,80%	6.631.239,45 €	1.781.224,56 €
8 VARIACION DE ACTIVOS FINANXEIROS	350.875,28 €	48.789.721,08 €	49.140.596,36 €	1.326.615,46 €	0,00 €	0,00 €	1.326.615,46 €	2,70%	1.245.887,91 €	93,91%	80.727,55 €	47.813.980,90 €
9 VARIACION DE PASIVOS FINANXEIROS	3.000.000,00 €	-3.000.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>83.899.430,33 €</b>	<b>56.958.857,83 €</b>	<b>140.858.288,16 €</b>	<b>45.797.269,53 €</b>	<b>630.915,62 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>45.166.353,91 €</b>	<b>32,07%</b>	<b>39.009.742,17 €</b>	<b>86,37%</b>	<b>6.787.526,36 €</b>	<b>95.691.934,25 €</b>

**GASTOS**

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Glos. compr. sobre cred. def.	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobre cred. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendentes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL	23.347.041,09 €	-479.883,17 €	22.867.157,92 €	20.575.643,41 €	89,98%	10.534.370,58 €	46,07%	10.539.990,33 €	100,05%	12.700,08 €	12.332.787,34 €
II GASTOS EN BENS CORRENTES	13.111.088,22 €	6.090.181,01 €	19.201.269,23 €	13.347.089,53 €	69,51%	6.554.219,01 €	34,13%	6.322.441,75 €	96,46%	251.573,23 €	12.647.050,22 €
III GASTOS FINANXEIROS	234.200,29 €	0,00 €	234.200,29 €	15.085,78 €	6,44%	15.085,78 €	6,44%	15.199,69 €	100,76%	101,87 €	219.114,51 €
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.575.159,66 €	17.076.249,80 €	34.651.409,46 €	30.530.545,73 €	88,11%	9.253.631,87 €	26,70%	8.680.402,52 €	93,81%	574.786,42 €	25.397.777,59 €
V FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	300.000,00 €	-300.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €
VI INVESTIMENTOS REAS	15.848.826,70 €	14.272.481,37 €	30.121.308,07 €	22.899.289,68 €	76,02%	11.553.853,95 €	38,36%	11.480.306,25 €	99,36%	79.497,63 €	18.567.454,12 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.624.488,97 €	18.098.819,94 €	24.723.308,91 €	21.253.902,08 €	85,97%	10.805.586,65 €	43,71%	10.672.783,06 €	98,77%	139.276,26 €	13.917.722,26 €
VIII VARIACION DE ACTIVOS FINANXEIROS	300.000,00 €	0,00 €	300.000,00 €	51.000,00 €	17,00%	51.000,00 €	17,00%	36.000,00 €	70,59%	15.000,00 €	249.000,00 €
IX VARIACION DE PASIVOS FINANXEIROS	6.588.625,40 €	2.201.008,88 €	8.789.634,28 €	8.759.633,28 €	100,00%	8.646.188,95 €	98,70%	8.646.188,95 €	100,00%	0,00 €	113.465,33 €
<b>TOTAIS</b>	<b>83.899.430,33 €</b>	<b>56.958.857,83 €</b>	<b>140.858.288,16 €</b>	<b>117.432.189,49 €</b>	<b>83,37%</b>	<b>57.413.916,79 €</b>	<b>40,76%</b>	<b>56.393.292,55 €</b>	<b>96,22%</b>	<b>1.072.935,49 €</b>	<b>83.444.371,37 €</b>

**RESULTADO ORZAMENTARIO**

CONCEPTOS	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustos	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	36.636.425,10 €	26.357.307,24 €	10.279.117,86 €	10.279.117,86 €
b. Outras operacións non financeiras	7.203.313,35 €	22.359.440,60 €	-15.156.127,25 €	-15.156.127,25 €
1. Total operacións non financeiras (a+b)	43.839.738,45 €	48.716.747,84 €	-4.877.009,39 €	-4.877.009,39 €
2. Activos financeiros	1.326.615,46 €	51.000,00 €	1.275.615,46 €	1.275.615,46 €
3. Pasivos financeiros	0,00 €	8.646.188,95 €	-8.646.188,95 €	-8.646.188,95 €
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>45.166.353,91 €</b>	<b>57.413.916,79 €</b>	<b>-12.247.562,88 €</b>	<b>-12.247.562,88 €</b>
AXUSTES:				
4. Crédi. g. financ. con rem. Tesorería para glos. xerais				0,00 €
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio				
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio				
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>				<b>-12.247.562,88 €</b>

AXUSTES A FACHA DO EXERCICIO

## Estimación Liquidación Orzamento 2015

(a 31 de decembro)

INGRESOS		Previsions Iniciais	Modificacións	Previsions Definitivas	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.
<b>CAPITULOS</b>						
1	IMPUESTOS DIRECTOS	5.340.406,00 €	0,00 €	5.340.406,00 €	4.600.828,41 €	86,15%
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	4.680.704,20 €	0,00 €	4.680.704,20 €	4.614.104,53 €	98,58%
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.660.189,00 €	35.000,00 €	6.695.189,00 €	6.400.829,22 €	95,60%
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	61.947.486,09 €	3.757.255,90 €	65.704.741,99 €	66.529.474,13 €	101,26%
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	535.000,00 €	0,00 €	535.000,00 €	259.579,12 €	48,52%
6	ALLEAMENTO DE INVERSIONS REAS	15.000,00 €	0,00 €	15.000,00 €	11.163,97 €	74,43%
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.369.829,76 €	7.603.733,18 €	8.973.562,94 €	9.721.563,74 €	108,34%
8	VARIACION DE ACTIVOS FINANCIEROS	350.875,28 €	48.917.488,84 €	49.268.364,12 €	1.390.301,46 €	2,82%
9	VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS	3.000.000,00 €	-3.000.000,00 €	0,00 €	0,00 €	-
<b>TOTAIS</b>		<b>83.899.430,33 €</b>	<b>57.313.477,92 €</b>	<b>141.212.908,25 €</b>	<b>93.527.844,58 €</b>	<b>66,23%</b>
<b>GASTOS</b>						
<b>CAPITULOS</b>						
I	GASTOS PERSOAL.	23.347.041,09 €	-622.698,71 €	22.724.342,38 €	21.022.133,84 €	92,51%
II	GASTOS EN BENS CORRENTES	13.111.088,22 €	6.032.252,86 €	19.143.341,08 €	14.525.597,95 €	75,88%
III	GASTOS FINANCIEROS	234.200,29 €	-30.000,00 €	204.200,29 €	17.969,86 €	8,80%
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.575.159,66 €	16.917.130,30 €	34.492.289,96 €	20.357.638,23 €	59,02%
V	FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	300.000,00 €	-300.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
VI	INVERSIONS REAS	15.848.826,70 €	13.495.708,40 €	29.344.535,10 €	21.570.195,67 €	73,51%
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.624.488,97 €	19.620.076,19 €	26.244.565,16 €	14.909.280,03 €	56,81%
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>4.895.051,60</b>

GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I GASTOS DE PERSOAL	80.451,34
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.814.500,26
III GASTOS FINANCEIROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
-	-
VI INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>4.895.051,60</b>



3. De conformidade co disposto nos apartados anteriores, o presente acordo de aprobación comprende a todos os documentos e anexos que compoñen o referido orzamento entre os que figuran:

- As bases para a execución do orzamento, consonte ao disposto no art. 165.1 do citado Texto refundido sendo de aplicación as da Deputación Provincial de Lugo.
- Anexo comprensivo do cadro de persoal e relación de postos de traballo deste consorcio, de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e art. 168 do texto refundido e demais disposicións concordantes.
- Anexo de investimentos, consonte ao artigo 168 do RDL 2/2004.
- Proposta do orzamento remitida á Dirección Xeral de Orzamentos a través da aplicación informática especialmente habilitada (PAIF).

4. De acordo co disposto no art. 19 dos Estatutos do Consorcio determinar que as funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, prestaranse de acordo co disposto no seu apartado b), e dicir a través do servizo de asistencia da Deputación de acordo co previsto no Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, e en concreto polo desenvolvemento de devanditas funcións polo Secretario Xeral Adxunto da Deputación de Lugo, polo cal percibirá as gratificacións, en aplicación analóxica, do disposto no art. 31 do citado Real Decreto.

5. Tal e como preceptúa o art. 169 do repetido Texto Refundido, publicar o edicto correspondente no *BOP* de Lugo, a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do art. 171 dese texto legal, poidan examinar o expediente e presentar reclamacións contra o Orzamento inicialmente aprobado consonte os motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 171 citado e durante o prazo de quince días hábiles.

En concordancia co disposto polo art. 169.1 do propio Texto Refundido si transcorrido o prazo de 15 días hábiles non se presentara reclamación ningunha, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo así como o propio Orzamento deste Consorcio para 2016, debendo procederse, para a entrada en vigor, á publicación requirida polo apartado 3 do propio art. 169, e ás remisións que recolle o apartado 4 do mesmo en relación co previsto polo art. 70.2 e concordantes da xa citada Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

Aprobado definitivamente o Orzamento, deberá cumprimentarse, en tempo e forma, a remisión que en materia de persoal recolle o art. 127 do Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

No caso de se producir reclamacións, serán elevadas a este Pleno previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

definitiva expreso para que, unha vez adoptado, se proceda consonte queda dito para a efectiva entrada en vigor do Orzamento.

6. Outorgar á Presidencia as pertinentes autorizacións para a efectividade e execución do presente acordo do que deberá emitirse certificación para unir ao expediente que compón o documento orzamentario inicialmente aprobado.

Lugo, 19 de novembro de 2015

O Presidente,

Darío Campos Conde



## **PROPOSTA DA PRESIDENTA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA 2016**

---

Darío Campos Conde, en calidade de Presidente da Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula a presente proposta co fin de, en cumprimento do art. 13º dos Estatutos do Consorcio, a Comisión Executiva aprrobe o proxecto de orzamento para o exercicio 2016, que se presentará para a súa aprobación no Pleno para o cal se achega a documentación seguinte:

- Estado de ingresos
- Estado de gastos
- Liquidacións orzamentos
- Anexo de investimentos
- Anexo do estado da débeda
- Anexo de persoal
- Bases de execución do orzamento
- Informe económico financeiro
- Informe de Secretaría Intervención
- Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

En consonancia coa documentación que precede propónse á Comisión Executiva adopción dos seguintes acordos:

1. A aprobación do proxecto de orzamento que se presentará para a súa aprobación no Pleno.
2. A aprobación do anexo de persoal para a súa aprobación definitiva no Pleno.

Lugo, 19 de novembro de 2015  
O PRESIDENTE DA COMISIÓN EXECUTIVA

Darío Campos Conde



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*





## ESTADO DE INGRESOS 2016

<b>TOTAL CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>		<b>774.100,00</b>
<i>art. 30 Taxas pola prestación de servizos públicos básicos</i>		<i>774.000,00</i>
30900	Outras taxas pola prestación de servizos básicos	774.000,00
<i>art. 32 Taxas pola realización de actividades de competencia local</i>		<i>100,00</i>
32500	Taxas pola expedición de documentos	100,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>		<b>4.120.851,60</b>
<i>art. 45 De Comunidades Autónomas</i>		<i>2.060.425,80</i>
45001	Da administración xeral da Comunidade Autónoma Galega	2.060.425,80
<i>art. 46 De entidades locais</i>		<i>2.060.425,80</i>
46100	Da Deputación Provincial de Lugo	2.060.425,80
<b>TOTAL CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS</b>		<b>100,00</b>
<i>art. 52 Intereses de depósitos</i>		<i>100,00</i>
52000	Intereses de depósitos	100,00
<b>TOTAL CAPITULO 6 ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO INGRESOS</b>		<b>4.895.051,60</b>

**RESUMO POR CAPÍTULOS.****Estado de ingresos**


---

A) TOTAL INGRESOS CORRENTES 4.895.051,60

---

CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	0,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00
CAPÍTULO 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	774.100,00
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.120.851,60
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00

---

B) TOTAL INGRESOS DE CAPITAL 0,00

---

CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00

<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>4.895.051,60</b>
---------------------------------	---------------------



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

**ESTADO DE GASTOS**

---

**ESTADO DE GASTOS**



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

<b>ÁREA DE GASTO 1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>		
<b>13. SEGURIDADE E MOBILIDADE CIDADÁ</b>		
<b>136. SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL 80.451,34</b>		
<i>Art. 10 Órganos de goberno y persoal directivo 5.000,00</i>		
136.100	Retrib. básicas e outr. rem.membros dos órganos de goberno	5.000,00
<i>art. 12 Persoal funcionario 27.000,00</i>		
136.121	Retribucións complementarias	27.000,00
<i>art. 13 Persoal laboral 36.474,12</i>		
136.130	Laboral fixo	36.474,12
<i>art. 16. Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador 11.977,22</i>		
136.16000	Seguridade Social	11.977,22
<b>TOTAL CAPÍTULO 2 GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS 4.814.500,26</b>		
<i>art. 20 Alugeres e cánones 10.000,00</i>		
136.204	Aluguer de material de transporte	10.000,00
<i>art. 21 Reparacións, mantemento e conservación 2.750,00</i>		
136.214	Elementos de transporte	1.250,00
136.219	Outro inmovilizado material	1.500,00
<i>art. 22 Material, subministrados e outros 4.796.750,26</i>		
136.223	Transportes	500,00
136.22699	Outros gastos diversos	2.500,00
136.22799	Outros traballos realizados por outras empresas	4.793.750,26
<i>art. 23 Indemnizacións por razóns de servizo 3.500,00</i>		
136.23000	Axudas de custo dos membros dos órganos de goberno	750,00
136.23020	Axudas de custo do persoal non directivo	750,00
136.23100	Locomoción dos membros dos órganos de goberno	500,00
136.231200	Locomoción do persoal non directivo	500,00
136.233	Outras indemnizacións	1.000,00
<i>art. 27 Gastos imprevistos e funcións non clasificadas 1.500,00</i>		
136.270	Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	1.500,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS 100,00</b>		
<i>art. 35 Intereses de demora e outros gastos financeiros 100,00</i>		
136.359	Outros gastos financeiros	100,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES 0,00</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 6 INVESTIMENTOS REAIS 0,00</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL 0,00</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS 0,00</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS 0,00</b>		
<b>TOTAL ORZAMENTO GASTOS 4.895.051,60</b>		

**RESUMO POR CAPÍTULOS.****Estado de gastos**

A) OPERACIÓNS CORRENTES 4.895.051,60

CAPÍTULO 1	GASTOS DE PERSOAL	80.451,34
CAPÍTULO 2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.814.500,26
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	100,00
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL 0,00

CAPÍTULO 6	INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00

<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>4.895.051,60</b>
-------------------------------	---------------------



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### Liquidación Orzamento 2014

#### INGRESOS

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	DR Anulados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Dereitos Pendentes de cobro	EXCESO /DEFECTO PREVISIÓN
1 IMPUESTOS DIRECTOS	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00 €	0,00 €
2 IMPUESTOS INDIRECTOS	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00 €	0,00 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	739.500,00	-	739.500,00	745.725,60	-	745.725,60	100,84%	745.725,60	100,00%	0,00 €	-6.225,60 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.155.551,60	-	4.155.551,60	4.155.551,60	-	4.155.551,60	100,00%	4.155.551,60	100,00%	0,00 €	0,00 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	-	100,00	2.236,31	-	2.236,31	2236,31%	2.236,31	100,00%	0,00 €	-2.136,31 €
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0,00 €	0,00 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	275.600,00	-	275.600,00	-	-	-	0,00%	-	-	0,00 €	275.600,00 €
8 VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	-	194.362,11	194.362,11	-	-	-	0,00%	-	-	0,00 €	194.362,11 €
9 VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>5.170.751,60</b>	<b>194.362,11</b>	<b>5.365.113,71</b>	<b>4.903.513,51</b>	<b>-</b>	<b>4.903.513,51</b>	<b>91,40%</b>	<b>4.903.513,51</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00 €</b>	<b>461.600,20 €</b>

#### GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Gtos. compr. sobre créd. def.	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobre créd. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendentes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL	80.451,34	-	80.451,34	21.795,28	27,09%	21.795,28	27,09%	21.795,28	100,00%	-	58.656,06 €
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26	194.362,11	5.008.862,37	4.873.748,23	97,30%	4.873.748,23	97,30%	4.471.159,77	91,74%	402.588,46	135.114,14 €
III GASTOS FINANCIEROS	100,00	-	100,00	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	100,00 €
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	100,00	-	100,00	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	100,00 €
VI INVESTIMENTOS REAIS	275.500,00	-	275.500,00	35.090,00	12,74%	35.090,00	12,74%	35.090,00	100,00%	-	240.410,00 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100,00	-	100,00	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	100,00 €
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00 €
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>5.170.751,60</b>	<b>194.362,11</b>	<b>5.365.113,71</b>	<b>4.930.633,51</b>	<b>91,90%</b>	<b>4.930.633,51</b>	<b>91,90%</b>	<b>4.528.045,05</b>	<b>91,83%</b>	<b>402.588,46</b>	<b>434.480,20 €</b>

#### RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	4.903.513,51	4.895.543,51	-	7.970,00
b. Outras operacións non financeiras	-	35.090,00	-	35.090,00
1. Total operacións non financeiras (a+b)	4.903.513,51	4.930.633,51	-	27.120,00
2. Activos financeiros	-	-	-	-
3. Pasivos financeiros	-	-	-	-
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	4.903.513,51	4.930.633,51	-	27.120,00
AXUSTES:				
4. Créd. g. financ. con rem. Tesourería para gtos. xerais	-	-	194.362,11	-
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	-	-	-	194.362,11
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	-	-	-	-
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	-	-	-	167.242,11

### Liquidación Orzamento 2015 a 30 de xuño

#### INGRESOS

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	DR Anulados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Dereitos Pendentes de cobro	EXCESO /DEFECTO PREVISIÓN
1 IMPUESTOS DIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	-	-	-
2 IMPUESTOS INDIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	-	-	-
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	747.500,00	-	747.500,00	-	-	-	0,00%	-	-	-	747.500,00
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.147.451,60	-	4.147.451,60	4.147.451,60	-	4.147.451,60	100,00%	1.900.915,29	45,83%	2.246.536,31	-
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	-	100,00	370,05	-	370,05	370,05%	370,05	100,00%	-	270,05
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	-	-	-
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	420.000,00	-	420.000,00	-	10.974,97	10.974,97	-2,61%	10.974,97	100,00%	-	430.974,97
8 VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	-	-	-
9 VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	-	-	-
<b>TOTAIS</b>	<b>5.315.051,60</b>	<b>-</b>	<b>5.315.051,60</b>	<b>4.147.821,65</b>	<b>10.974,97</b>	<b>4.136.846,68</b>	<b>77,83%</b>	<b>1.890.310,37</b>	<b>45,69%</b>	<b>2.246.536,31</b>	<b>1.178.204,92</b>

#### GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Gtos. compr. sobre créd. def.	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobre créd. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendentes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL	80.451,34 €	0,00 €	80.451,34 €	26.675,28 €	33,16%	13.337,64 €	16,58%	13.337,64 €	100,00%	0,00 €	67.113,70 €
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26 €	0,00 €	4.814.500,26 €	4.663.882,45 €	96,87%	1.943.978,76 €	40,38%	1.943.978,76 €	100,00%	0,00 €	2.870.521,50 €
III GASTOS FINANCIEROS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	-	0,00 €	100,00 €
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
VI INVESTIMENTOS REAIS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	420.000,00 €	0,00 €	420.000,00 €	99.234,38 €	23,63%	99.234,38 €	23,63%	99.234,38 €	100,00%	0,00 €	320.765,62 €
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>5.315.051,60 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>5.315.051,60 €</b>	<b>4.789.792,11 €</b>	<b>90,12%</b>	<b>2.056.550,78 €</b>	<b>38,69%</b>	<b>2.056.550,78 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00 €</b>	<b>3.258.500,82 €</b>

#### RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	4.147.821,65	1.957.316,40 €	-	2.190.505,25 €
b. Outras operacións non financeiras	-10.974,97 €	99.234,38 €	-	-110.209,35 €
1. Total operacións non financeiras (a+b)	4.136.846,68 €	2.056.550,78 €	-	2.080.295,90 €
2. Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €
3. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO				3,90 €
AXUSTES:				
4. Créd. g. financ. con rem. Tesourería para gtos. xerais	-	-	-	-
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	-	-	-	0,00 €
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	-	-	-	3,90 €
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	-	-	-	3,90 €



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Estimación Liquidación Orzamento 2015

(a 31 de decembro)

INGRESOS

CAPITULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	DR Netos	% DR Netos sobor Prev. Def.
1 IMPOSTOS DIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	747.500,00 €	0,00 €	747.500,00 €	774.281,89 €	103,58%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.147.451,60 €	0,00 €	4.147.451,60 €	4.147.451,60 €	100,00%
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	870,87 €	870,87%
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	420.000,00 €	240.410,00 €	660.410,00 €	695.600,00 €	105,33%
8 VARIACION DE ACTIVOS FINANXEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
9 VARIACION DE PASIVOS FINANXEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
<b>TOTAIS</b>	<b>5.315.051,60 €</b>	<b>240.410,00 €</b>	<b>5.555.461,60 €</b>	<b>5.618.204,36 €</b>	<b>101,13%</b>

GASTOS

CAPITULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobor créd. Def.
I GASTOS PERSOAL	80.451,34 €	0,00 €	80.451,34 €	26.675,28 €	33,16%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26 €	194.362,11 €	5.008.862,37 €	4.814.500,26 €	96,12%
III GASTOS FINANXEIROS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	100,00 €	100,00%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	100,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00%
VI INVESTIMENTOS REAIS	275.500,00 €	0,00 €	275.500,00 €	660.410,00 €	239,71%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00%
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANXEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANXEIROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
<b>TOTAIS</b>	<b>5.170.751,60 €</b>	<b>194.362,11 €</b>	<b>5.365.113,71 €</b>	<b>5.501.685,54 €</b>	<b>102,55%</b>



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

## **ANEXO DE INVESTIMENTOS**

---

Non se inclúen no orzamento do exercicio 2016 créditos para a realización de investimentos reais nin transferencias de capital.





## **ANEXO DE ESTADO DE PREVISIÓN DE MOVEMENTOS E SITUACIÓN DA DÉBEDA**

---

JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### **CERTIFICA:**

Que segundo se desprende dos documentos arquivados nesta Secretaría – Intervención ó meu cargo, e en relación coa existencia nesta Entidade de débeda viva a longo ou curto prazo ás que fai referencia o artigo 48 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, resulta que:

1. Esta Entidade non ten contraída, ó día da data, crédito ningún dos que citan os artigos sinalados, non existindo, consecuentemente, débeda viva a longo ou curto prazo.
2. Que no proxecto do Orzamento da entidade para o exercicio de 2016, non figura previsión ningunha no Capítulo IX do estado de ingresos, procedente de contracción de débeda a longo prazo.

E para que así conste para a súa unión ao expediente comprensivo do Orzamento de 2016 desta Entidade, ós efectos sinalados polo artigo 166.1.d) do citado Texto legal, emito a presente certificación, en cumprimento, así mesmo, do disposto polo art. 2.e) e concordantes do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Iltmo. Sr. Presidente, en Lugo a trece de novembro de dous mil quince.

**V.º e pr.**  
**O PRESIDENTE**



## ANEXO DE PERSOAL

En cumprimento do disposto polos artigos 126.1 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril e, art. 168.1.c) da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o presente Anexo, é o comprensivo da Plantilla de Persoal deste Consorcio e réxime retributivo do mesmo para o vindeiro ano 2016 de acordo coas normas de aplicación e os documentos que se relacionan a continuación.

### I. Cadro de persoal, relación de postos de traballo e réxime retributivo

A. **Cadro de persoal:** aos efectos de publicación determinados no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais concordantes, o cadro de persoal contemplado por este orzamento en congruencia coa plantilla - catálogo de postos de traballo e a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 é o seguinte:

#### 1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	NÍVEL
			CATEGORÍA		
Secretaría- Intervención (*)	1	Habilitación estatal	Secretaría-Intervención	A	26
			Terceira	A1	
Técnico de xestión económica	1	Acumula DPL		A1	
Técnico de xestión administrativa	1	Acumula DPL		A2	

(\*) Desempeñado en acumulación por Secretario Xeral adxunto da Deputación Provincial de Lugo

#### 2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	1	VD	40 horas	Nomeamento
TOTAL	1				

**B. Relación de postos de traballo. Responde ao seguinte:**

## 1. Persoal funcionario

DESCRICIÓNS			RETRIBUCIÓNS
DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO	INDEMNIZACIÓN DESEMPEÑO POR PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO
		SUBGRUPO	
Secretaría - Intervención	1	A1	19.800,00 €
Técnico de xestión económica	1	A1	3.600,00 €
Técnico de xestión administrativa	1	A2	3.600,00 €

## 2. Persoal laboral fixo

DESCRICIÓNS			RETRIBUCIÓN MENSUAL (12 PAGAS)	P. EXTRA C/U
DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	GRUPO		
Xerencia	1	1	2.665,96 €	2.241,30 €

**C. Réxime retributivo. CADRO DE PERSOAL 2016<sup>1</sup>**

## 1. Persoal funcionario

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		CUSTO TOTAL
	mensual		
	período		
Secretaría - Intervención	1.650,00 €	19.800,00 €	19.800,00 €
	19.800,00 €		
Técnico de xestión económica	300,00 €	3.600,00 €	3.600,00 €
	3.600,00 €		
Técnico de xestión administrativa	300,00 €	3.600,00 €	3.600,00 €
	3.600,00 €		

## 2. Persoal laboral fixo

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		SEGURIDADE SOCIAL	CUSTO TOTAL
	mensual			
	período			
Xerencia	3.039,51 €	11.977,22 €	11.977,22 €	48.451,34 €
	36.474,12 €			

**CUSTO CADRO DE PERSOAL 2016**

DENOMINACIÓN	PRAZAS	SALARIAIS	SEG. SOCIAL	TOTAIS
Secretaría-Intervención	1	19.800,00 €	0,00 €	19.800,00 €
Xerencia	1	36.474,12 €	11.977,22 €	48.451,34 €
Técnico de xestión económica	1	3.600,00 €	0,00 €	3.600,00 €
Técnico de xestión administrativa	1	3.600,00 €	0,00 €	3.600,00 €
	<b>4</b>	<b>63.474,12 €</b>	<b>11.977,22 €</b>	<b>75.451,34 €</b>

<sup>1</sup> En todos os casos no concepto anual e mensual se inclúe a prorrata das pagas extraordinarias.



## **INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN**

---

Á vista do Proxecto do Orzamento desta Entidade para 2016 que remite a Ilma. Presidencia, esta Secretaría - Intervención, emite o informe económico - financeiro e que deberá formar parte dos documentos que integran o expediente de dito Orzamento, con sometemento ó Pleno do Consorcio, como require o art. 168.1.e) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, LRFL) e o art. 18.1.e) do Regulamento aprobado polo Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (en adiante RD 500/90) que desenvolve parcialmente o indicado texto legal. Atendido o anterior, o presente informe analizará os elementos seguintes:

- I. Bases Utilizadas para a avaliación dos ingresos.
- II. Suficiencia dos créditos para atender ás obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos.
- III. Análise económico - financeiro:

### **I. Bases utilizadas para a avaliación dos ingresos**

#### **I.1. Ingresos correntes**

##### **Capítulos I e II**

Dado que o Consorcio carece das imposicións directa e indirecta á que fan referencia estes capítulos, non se prevé recadación ningunha polos mesmos .

##### **Capítulo III**

Toda vez que con data 11 de xuño de 2013, o Presidente do Consorcio aproba o texto do Concerto de colaboración suscrito coa “Gestora de Concierdos para a Contribución a los servizos de Extinción de incendios A.I.E.” (UNESPA) para a liquidación e recadación da Contribución Especial para o Establecemento, Mellora e Ampliación dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios, prevese nestes orzamentos o ingreso do importe global da Contribución Especial correspondente ao exercicio 2016 por importe de 774.000,00.- €.

No caso de que ao longo do exercicio do exercicio 2016 se produciran maiores ingresos sobre os inicialmente orzamentados e existiran necesidades novas, imprevistas ou fora insuficiente o gasto establecido, o Pleno poderá acordar a conseguinte modificación de créditos acudindo ao autofinanciamento e, polo tanto, sen necesidade de que as dúas Administracións que forman o Consorcio teñan que realizar máis achegas das inicialmente previstas.



## **Capítulo IV**

Neste capítulo se inclúen os ingresos previstos procedentes das dúas Administracións que forman o Consorcio para acometer os distintos gastos correntes: gastos de funcionamento.

## **Capítulo V**

Prevense uns ingresos mínimos procedentes de intereses bancarios por importe de 100,00€. Trátase dunha previsión moi prudente probablemente superada na liquidación final do orzamento.

### **I.2. Ingresos de capital**

## **Capítulo VI**

Non prevéndose alleamento ou venda do patrimonio, tampouco pode preverse ingreso ningún procedente daquelas.

## **Capítulo VII**

No se prevé o recoñecemento de dereitos por transferencias de capital dos entes consorciados posto que no se orzamenta cantidade algunha para operacións de capital no orzamento de gastos. deste consorcio as achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos da fase de construción e equipamento dos parques se efectuarán ao 50% do total do orzamento.

### **I.3. Ingresos por operacións financeiras**

## **Capítulos VIII e IX**

Non se prevén ingresos por activos financeiros nin por operacións de préstamo a longo prazo de pasivos financeiros, polo que os Capítulos VIII e IX, quedan cunha previsión inicial de 0,00 €.

### **I.4. Conclusión**

Atendido o que precede, despréndese que as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos son as derivadas das previsións das cantidades liquidadas no exercicio 2016 e veñen condicionados polas necesidades que figuran no orzamento de gastos sendo aquelas necesidades, especialmente, no que toca aos gastos provocados polo funcionamento e a xestión indirecta dos parques así como os gastos de persoal directamente asociados ao funcionamento do servizo administrativo do Consorcio.



## **II. Suficiencia dos créditos para atender ás obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos**

### **II.1. Operacións correntes**

#### **Capítulo I**

Recóllese unha previsión de gastos en materia de persoal (nóminas e seguros sociais) de acordo co establecido para os efectivos delimitados no anexo de persoal. Os salarios calcúlanse en función do tempo estimado en que se incorporarán ao Consorcio (12 meses no caso do xerente e dos dous técnicos de xestión administrativa e económica). Consígnanse tamén as cantidades para facer fronte ás indemnizacións do secretario interventor para doce mensualidades.

#### **Capítulo II**

Recolle os créditos en función das novas obrigas que se prevé contraer que se estiman necesarios e suficientes para a súa atención. Estímase que no ano 2016 se producirán gastos tanto nos órganos de goberno do Consorcio como os relativos á administración xeral do consorcio. Así mesmo, o gasto máis importante previsto neste capítulo é o que atinxe aos gastos de funcionamento de parques.

#### **Capítulo III e IV**

Non existen operacións de préstamo –a longo prazo ou tesourería– vixentes nin se prevén para esta anualidade obrigas por transferencia con Concellos.

### **II.2. Operacións de capital**

#### **Capítulo VI**

Non se contempla para esta anualidade a realización de investimentos reais.

#### **Capítulo VII**

Non se contemplan obrigas por transferencia de capital.

### **II.3. Operacións financeiras**

#### **Capítulos VIII e IX**

No que respecta a obrigas por activos financeiros do Capítulo VIII e, finalmente, ás xeradas polos pasivos financeiros do Capítulo IX, carecendo esta Entidade de todas elas estes capítulos carecen de consignacións.



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

#### **II.4. Conclusión**

Á vista do anterior, os créditos que figuran no Proxecto do Orzamento de 2016, aparecen esencialmente recollidos nos Capítulos I e II do Estado de Gastos, estimándose que pola súa contía e natureza deben ser suficientes para a atención das obrigas esixibles nese exercicio.

#### **III. Análise económico - financeiro:**

Este é o informe económico – financeiro que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación dos antecedentes e Ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ó expediente do Orzamento do exercicio de 2016, a fin de que o Pleno deste Consorcio, á vista de dito expediente, e en exercicio das súas atribucións, adopte o acordo que, axustado a dereito, estime máis favorable para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 19 de novembro de 2015  
O Secretario – Interventor

José Antonio Mourelle Cillero



## **INFORME DA SECRETARÍA - INTERVENCIÓN**

---

En cumprimento do disposto polo art. 168.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, **LRFL**), art. 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que o desenvolve parcialmente, ós efectos previstos polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, **LRBRL**) en relación co previsto polo art. 27 do Decreto 19/2009, do 5 de febreiro polo que se aproban os Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a súa modificación establecida no Decreto 136/2010, do 5 de agosto, polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e demais disposicións concordantes de aplicación, á vista do Proxecto do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2016 que a Ilma. Presidencia me remite e, sen prexuízo do indicado no informe económico - financeiro que, está engadido xunto co resto dos documentos dese proxecto, esta Secretaría - Intervención, na súa función interventora, emite o presente informe, sobre a base do exame realizado a dito proxecto:

### **I. Contía**

O proxecto do Orzamento do Consorcio para o exercicio de 2016, ascende, tanto no Estado de Ingresos coma no de Gastos, á cantidade de 4.895.051,60 € (Catro millóns oitocentos noventa e cinco mil cincuenta e un euros con sesenta céntimos). En consecuencia, se presenta para a súa aprobación, sen déficit inicial, tal e como require o art. 165.4 LRFL.

### **II. Bases de Execución**

A execución do orzamento realizarase de acordo coas Bases de Execución da Excma. Deputación Provincial de Lugo en tanto lle sexan de aplicación.

### **III. Obrigas e previsións de ingresos:**

Tendo en conta a especial idiosincrasia desta Entidade, se estima que se seguen as disposicións precisas a fin de se conter as previsións para atender ás obrigas da mesma e os dereitos que se calcula liquidar ó longo do exercicio, de conformidade co previsto na LRFL así como no art. 23 dos Estatutos.

### **V. Persoal**

Á vista do Anexo de Persoal, consta acomodada á Plantilla e Relación dos Postos de Traballo comprensiva da totalidade dos postos e as diferentes funcións e tarefas ós mesmos asignadas. Recolléndose as retribucións con acomodo no previsto respecto dos incrementos retributivos no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.





## V. Documentación que debe incluírse no Orzamento:

De conformidade co vixente texto da LRFL a documentación que debe integrar o expediente comprensivo do orzamento é a seguinte:

Documentación do art. 165 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 165 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2016
Estados de Gastos, que incluirán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.	Figuran elaborados
Estados de Ingresos, onde figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar ó longo do exercicio.	Figuran elaborados
Bases de execución.	Figuran elaboradas

### 1. Anexos que deben unirse ó expediente, esixidos polo art. 166 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 166 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2016
De forma potestativa: plans e programas de inversión e financiamento que se formulen, polo prazo de catro anos.	Non figuran.
Programas anuais de actuación, inversión e financiamento das sociedades mercantís nas que o capital social teña como titular único ou maioritario a Entidade.	Non existen esas sociedades no Consorcio
Estado consolidado do orzamento da entidade e de tódolos OO.AA. e sociedades mercantís.	Non se da o suposto no Consorcio
Estado de previsión e movemento da débeda comprensiva ó detalle de operacións de crédito ou endebamento pendente de reembolso ó principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do exercicio – c/p e l/p-, así como a amortización que se prevé no exercicio.	Existe certificación negativa (inexistencia de débeda viva e prevista no proxecto de Orzamento para 2016)

### 2. Documentos esixidos polo art. 168 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 168 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2016
Memoria da Presidencia explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.	Áchase formulada.
Anexo de persoal da Entidade.	Áchase engadido.
Anexo das inversións a realizar no exercicio.	Áchase engadido.
Informe económico - financeiro.	Áchase emitido e engadido.
Informe de Intervención, realizado sobre a base dos estados de gastos e ingresos e documentación que precede.	O presente informe.



## **VI. Aprobación inicial e actos posteriores:**

Completada a documentación que forma o Orzamento, o expediente se someterá á aprobación da Comisión Executiva para o seu posterior sometemento a aprobación do Pleno.

En calquera caso, o acordo plenario –de ser de aprobación- é un acordo único (xa que si fora o caso detallaría os orzamentos que integran o xeral, non podendo aprobarse ningún separadamente). A adopción do acordo correspóndelle ó Pleno do Consorcio en virtude do disposto polo art. 11 dos Estatutos, en relación co previsto polo art. 22.2.e) LRFL. Lémbrese que a adopción deste acordo non require de maioría cualificada ningunha, nin por esixencia legal nin estatutaria, polo que basta, para a súa adopción, a maioría ordinaria simple.

Aprobado inicialmente o Orzamento, exporase o público mediante a inserción do edicto correspondente no BOP durante o prazo de quince días hábiles, a fin de que durante o mesmo, poda ser examinado e, no seu caso, presentarse –ante o Pleno- polos interesados que a tales efectos cita o art. 170.1 LRFL, as reclamacións que estimen por conveniente, aínda que, unicamente polos motivos taxados que a estes efectos establece o art. 170.2 LRFL.

Caso de non se presentar reclamacións, o acordo inicial se eleva automaticamente a definitivo, sen necesidade de adopción expresa doutro, debendo procederse, de seguido, á publicación preceptiva ordenada polo art. 169.3 LRFL.

De presentarse reclamacións, o Pleno conta co prazo dun mes para, e previos os informes que proceda, resolver as mesmas no acordo de aprobación definitiva, procedéndose de seguido na forma indicada no apartado que precede.

## **VII. Reclamacións na vía administrativa e recurso na xurisdiccional:**

Existen dous momentos procesuais diferenciados que, por ilo, reflicten distintos ámbitos (administrativo e xurisdiccional), en canto a posibles impugnacións:

### a) Aprobación inicial:

Contra a aprobación inicial do Orzamento, unha vez publicado o edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia, poderán presentarse reclamacións polos interesados ós que cita o art. 171.1 LRFL, no prazo de 15 días hábiles (contados a partires do seguinte, tamén hábil, ó da aparición do indicado anuncio) e polos motivos taxados que sinala o apartado 2 do propio art. 171 citado.

### b) Aprobación definitiva:

Aprobado definitivamente o Orzamento, ben por acordo expreso, ben por elevación automaticamente a definitivo do inicialmente adoptado, e unha vez realizada a correspondente publicación (art. 169.3 LRFL), poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso –



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

administrativo, de conformidade co previsto polo art. 171 LRFL, aínda que este mesmo artigo indica que dita interposición, por si mesma, non suspende a aplicación do orzamento recorrido.

#### VIII. Remisións, entrada en vigor e actuacións conexas:

O orzamento entrará en vigor unha vez producida a publicación dos resumos que citan os artigos 169.3 LRFL, tendo en conta que o art. 70.2 LRBRL (respecto do prazo no intre das remisións dos acordos en relación co art. 65.2 da propia LRBRL) non é de aplicación para o caso dos orzamentos nin das ordenanzas fiscais.

Deberá remitirse (ao tempo que se fai o envío da publicación ó BOP –do art. 169.3 LRFL- do anuncio da aprobación definitiva) copia do orzamento ás Administracións da **Comunidade Autónoma** e á do **Estado**, tal e como require o art. 169.4 da propia LRFL.

Así mesmo, segundo o establecido pola orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, deberá remitirse ao Ministerio de facenda e Administracións Públicas antes do 31 de xaneiro de cada ano copia dos orzamentos aprobados. Si a 31 de xaneiro no se aprobou o Orzamento, deberá remitirse o prorrogado coas modificacións derivadas das normas reguladoras da prórroga.

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación e/ou aplicación da documentación que se me presenta e do Ordenamento Xurídico vixente, nembargante, o Pleno do Consorcio co seu superior criterio, adoptará o acordo que, axustado a Dereito, estime máis oportuno para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 19 de novembro de 2015

O Secretario Interventor

José Antonio Mourelle Cillero

---



## INFORME DE SECRETARÍA - INTERVENCIÓN

**Asunto:** *Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, límite de gasto non financeiro e do límite de débeda na aprobación dos orzamentos do exercicio 2016.*

En cumprimento do disposto no artigo 16 do RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO), emítase o presente informe que se incorporará ao previsto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais referido á aprobación do orzamento xeral de 2016, así como no disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE), coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria xerado polo mesmo, o cumprimento da regra do gasto e o límite da débeda.

### 1. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN

O presente informe refírese ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de Bombeiros) e deberá ser remitido á Deputación de Lugo aos efectos de consolidación.

### 2. AVALIACION DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2016

O artigo 11.4 da LOE establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiro.

*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos ao réxime de orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes presupuestados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros, de acordo aos criterios de contabilidade nacional contidos no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Por outra banda, o artigo 12 de LOE esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e minoracións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 10 de xullo de 2015, por acordo do Consello de Ministros aprobouse, xunto aos obxectivos de déficit público (0 %) e de débeda pública (3,4 % del PIB) para o período 2016-2018, a regra de gasto para os orzamentos do 2016, 2017 e 2018, isto é, 1,8%, 2,2% e 2,6% respectivamente.



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ORZAMENTO INICIAL 2016

		CONSORCIO COMBEROS
I N G R E S O S	CAP. 1	0,00
	CAP. 2	0,00
	CAP. 3	774.100,00
	CAP. 4	4.120.851,60
	CAP. 5	100,00
	CAP. 6	0,00
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
TOTAL		4.895.051,60

		CONSORCIO BOMBEROS
G A S T O S	CAP. 1	80.451,34
	CAP. 2	4.814.500,26
	CAP. 3	100,00
	CAP. 4	0,00
	CAP. 6	0,00
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)	4.895.051,60
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)	4.895.051,60
CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	0,00

1. **Axuste por grao de execución do gasto:** A "Guía para a Determinación da Regra do Gasto (2ª edición)" establece que "a porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento do ano *n* terá, como límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados valores atípicos".



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Da media dos tres derradeiros exercicios, pola comparación dos créditos iniciais coas obrigas recoñecidas netas, descontando os gastos financeiros non agregables e os considerados valores atípicos resulta a porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que se especifica a continuación, que aplicado ás previsións do orzamento de 2016 arroxa o importe de 604.037,03 € a diminuír nos empregos non financeiros:

CONSORCIO DE BOMBEIROS	2012	2013	2014	MEDIA 2012-2014
(+) Créditos iniciais capítulos 1 a 7 en términos SEC	5.097.024,66	4.768.218,40	5.170.751,60	
(-) Axuste gastos financeiros	-100,00	-100,00	-100,00	
(-) Gts. ntza. extraord. (catastrofes, emerxencia, sentenzas,...)	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. subv. finalistas de AAPP	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. alleamento terreos e inv. reais	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. mecanismo pago a provedores	0,00	0,00	0,00	
(-) Pagos por transf. a outras entid. que integran a c. Local	0,00	0,00	0,00	
<b>Total créditos iniciais ajustados</b>	<b>5.096.924,66</b>	<b>4.768.118,40</b>	<b>5.170.651,60</b>	
(+) Obrigas recoñecidas netas capítulos 1 a 7	3.374.814,95	5.014.417,53	4.930.633,51	
(-) Axuste gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. ntza. extraord. (catastrofes, emerxencia, sentenzas,...)	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. subv. finalistas de AAPP	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. alleamento terreos e inv. reais	0,00	0,00	0,00	
(-) Gts. financ. mecanismo pago a provedores	0,00	0,00	0,00	
(-) Outros valores atípicos: obrigas de facturas ex. anteriores	0,00	0,00	-194.362,11	
